



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
  - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
  - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
  - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
  - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
  - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
  - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, ao profesional que non se incorpore ao destino obtido nun procedemento de mobilidade voluntaria dentro dos prazos establecidos e das prórrogas dos mesmos que legal ou regulamentariamente procedan, o Servizo de Saúde no que prestaba servizos ten que declaralo en:**

- A) Excedencia por incompatibilidade.
- B) Reingreso provisional.
- C) Servizos especiais.
- D) Excedencia voluntaria por interese particular.

**2. Segundo o artigo 8 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, indica cal é o órgano científico e técnico especializado da Administración Xeral do Estado que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesmas:**

- A) O Comité de Seguridade e Saúde.
- B) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- C) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- D) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

**3. Segundo o artigo 15 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade indica o organismo que acreditará os servizos de referencia, aos que poderán acceder todos os usuarios do Sistema Nacional de Saúde una vez finalizadas as posibilidades de diagnóstico e tratamento dos servizos especializados da Comunidade Autónoma onde residan:**

- A) A Consellería de Sanidade da Comunidade Autónoma na que residan.
- B) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- C) O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- D) O Ministerio de Sanidade e Consumo.

**4. Segundo artigo 26 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazos de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, indica cal é un requisito para acceder aos procesos de promoción interna:**

- A) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante ao menos 2 anos na categoría de procedencia.
- B) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e con nomeamento como persoal estatutario temporal durante ao menos 5 anos na categoría de procedencia.
- C) Estar en situación de excedencia voluntaria en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
- D) Ter a condición de persoal estatutario temporal doutra categoría de nivel académico inferior ao de aquela ao que se pretende acceder.

**5. O artigo 5 apartado b) da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, indica que a elaboración da política preventiva levarase a cabo coa participación:**

- A) Dos empresarios e dos traballadores a través das súas organizacións empresariais e sindicais máis representativas.
- B) Da Administración Xeral do Estado e dos traballadores a través das súas organizacións sindicais máis representativas.
- C) Das Administracións das Comunidades Autónomas e dos traballadores a través das súas organizacións sindicais máis representativas.
- D) Das entidades que integran a Administración local e dos traballadores a través das súas organizacións sindicais máis representativas.

**6. Segundo o artigo 10 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, solicitar do Goberno a adopción de proxectos de Lei e presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de Lei é unha función de:**

- A) Do Presidente da Xunta.
- B) Do Vicepresidente da Xunta.
- C) Do Consello Asesor da Xunta.
- D) Do Parlamento.

**7. O artigo 41 da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece o procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia para as mulleres que sufren violencia de xénero e cumpren os requisitos legais para a súa percepción. O recoñecemento do dereito á prestación e o seu pago efectivo realizarase:**

- A) Nun prazo máximo de quince días dende a solicitude formulada pola interesada ante os servizos sociais correspondentes.
- B) Nun prazo máximo dun mes dende a solicitude formulada pola interesada ante os servizos sociais correspondentes.
- C) Nun prazo máximo de tres meses dende a solicitude formulada pola interesada ante os servizos sociais correspondentes.
- D) Non se establece un prazo máximo.

**8. Segundo a Constitución Española, indica cal dos seguintes é un dereito fundamental indicado na Sección primeira, dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas:**

- A) O home e a muller teñen dereito a contraer matrimonio con plena igualdade xurídica.
- B) Dereito á propiedade privada e a herdanza.
- C) Dereito á liberdade de cátedra.
- D) Dereito de defender a España.

9. Segundo o artigo 52 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, indica quen é o encargado de recibir a comunicación da totalidade das ordes de protección que se diten no territorio de Galicia e levará a cabo un seguimento individualizado de cada caso, coa finalidade de facilitarlles tanta información demanden e articular unha actuación ordenada dos servizos asistenciais e de protección:

- A) A Comisión contra a Violencia de Xénero.
- B) O Punto de Coordinación das Ordes de Protección.
- C) O Punto de encontro familiar.
- D) O Servizo de Atención 24 horas.

10. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo de Saúde de Galicia, a definición, comunicación e establecemento de obxectivos e garantías de cumprimento dos criterios de xestión incorporados na prestación de servizos sanitarios é unha competencia:

- A) Da Consellería de Sanidade.
- B) Da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- C) Do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- D) Das Comisións de Centro das áreas sanitarias.

#### Preguntas de reserva

1. Segundo o artigo 1 da Constitución Española, España constitúese nun Estado:

- A) Socialista, que propugna como valor fundamental o pluralismo político.
- B) Socialdemócrata, que propugna como valores singulares a liberdade, a xustiza, a igualdade e os dereitos humanos.
- C) Social e democrático de dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
- D) Monárquico, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a igualdade, a xustiza e o pluralismo político.

2. Segundo o artigo 16 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, os Vicepresidentes e os Conselleiros da Xunta de Galicia serán nomeados e cesados:

- A) Polo Parlamento.
- B) Polo Consello Asesor da Xunta.
- C) Polo Presidente da Xunta.
- D) Polo Rei.